

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día doce de decembro de dous mil dezaoiito, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

17/725 PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE OFICIAL LECTOR/A DE CONTADORES PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE, RESERVADA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta do Director Xeral de Recursos Humanos, do 5 de decembro de 2018, conformada polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal, na parte expositiva do cal se fai constar:

“Con data de 10 de febreiro de 2018 o Boletín Oficial da Provincia de Lugo publicou as Bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de Oficial lector/a de contadores pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, reservada a discapacitados/as (incluída na OEP 2015).

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE celebrada o sete de xullo de dous mil quince, adoptou, entre outros, o seguinte acordo: 4/455 DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NAS/OS CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS TENENTAS/ES DE ALCALDE DELEGADAS/OS DE ÁREA, en cuxa parte dispositiva figura:

‘PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local resérvase o exercicio das atribucións delegables seguintes:

a) aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo, así como a designación de membros integrantes dos tribunais de selección’.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na referida proposta e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilma. Sra. D.^a ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico (GMS); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.^a MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refª: 18x530170725

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12-12-2018

(GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS); Ilma. Sra. D.ª ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía e o Ilmo. Sr. D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, **ACORDA** nomear ás seguintes persoas como tribunal cualificador para o acceso en propiedade a unha praza de Oficial lector/a de contadores pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, reservada a persoas con discapacidade (incluída na OEP 2015):

Presidente/a: D.ª. Marta López Peña, Xefa do Servizo de Persoal do Concello de Lugo.

Suplente: D. Pablo Fuentes Failde, Xefe do Servizo de Enxeñería do Concello de Lugo.

Vogais:

1.- D.ª. Carmen Flores Pardo, Xefa do Servizo de Medio Ambiente do Concello de Lugo.

Suplente: D.ª. M.ª del Carmen Rozas Bello, Técnico Medio (Xefa de Sección) do Concello de Lugo.

2.- D. Miguel Angel Negral Fernández, Enxeñeiro de Montes do Concello de Lugo.

Suplente: D.ª. Nieves Mourenza Vázquez, Auxiliar administrativo do Concello de Lugo.

3.- D. Gerardo Gayoso Somoza, Encargado do Taller de Augas do Concello de Lugo.

Suplente: D. Fermin Legaspi Díaz, Oficial Fontaneiro do Concello de Lugo

Secretario: D. Justo Díaz Rodríguez, Secretario Xeral do Pleno accidental do Concello de Lugo.

Suplente: D.ª. María García Ferro, Vicesecretaria do Concello de Lugo.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excm. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.